

- **Actualidade**

Unha patente da Armada soviética servirá para fabricar en Asturias máquinas que extraen auga potable do aire

O sistema que utilizaba a Armada soviética para extraer a humidade dos depósitos dos seus mísiles foi perfeccionado en Avilés (Asturias) pola empresa do enxeñeiro ruso Alexander Ermakov. Ray Agua Universal, que así se chama a compañía, quere comezar en breve a ensamblar máquinas capaces de extraer da humidade do aire ata 5200 litros cada 24 horas.

Todo o equipo cabe dentro dun colector, é doadamente transportable, e funciona autonomamente en calquera circunstancia e ambiente, pero tamén deseñaron outro equipo máis pequeno, para un uso máis doméstico, capaz de proporcionar 200 litros de auga de baixa mineralización ao día.

O proxecto arrancou xa no 2004 e obtivo respaldo oficial, un incentivo de 5 millóns de euros de fondos provenientes da reconversión mineira asturiana para poñer en marcha unha fábrica con máis de 70 traballadores. Non obstante, segundo explica Ermakov, técnico formado en Estados Unidos, “renunciamos a esa axuda ao considerar máis viable fabricar externamente, con compoñentes estándar dispoñibles xa no mercado. A primeira idea tomámola dos grandes deshumidificadores necesarios para desecar nun tempo mínimo os silos de mísiles soviéticos, pois esa é unha operación básica antes de lanzalos, e a partir de aí desenvolvemos as nosas máquinas”, engade.

A diferenza das orixinais en barcos, submarinos e silos soviéticos, a auga resultante é plenamente potable, pois á parte de condensadores, compresores, refrixeradores e circuítos habituais, engadiron un sistema de purificación en tres etapas con filtro de carbón activo e eliminación de partículas, por se o ambiente estivese contaminado. Tras conseguir a homologación das autoridades sanitarias e industriais en España, esperan ensamblar equipos en serie nas próximas semanas. Poderían ser interesantes mesmo para sinaturas embotelladoras de auga en lugares difíciles, que queren evitar custos de transporte e reciclaxe.

Por agora instalaron algúns equipos en Chipre, o Reino Unido e España, onde espertou interese para a intervención en casos de emerxencia. “Temos unha das nosas máquinas funcionando nas illas Chafarinas, unha reserva natural, onde utilizaban unha desaladora para obter auga potable, e agora comprobamos que o noso sistema ofrece auga de mellor calidade e é máis rendible,” indicou Ermakov.

(Fonte: La Voz de Galicia)

[Suscríbete ó boletín da Tecnópole](#)